

A man with dramatic makeup, including white face paint, dark eye makeup, and bright pink lips, is shown from the chest up. He is wearing a blue suit jacket over a pink shirt and a blue bow tie. He has a wide-open mouth, showing his teeth, and his hands are raised in a gesture. The background is dark.

ai

GUÍA DE CULTURA, SERVICIOS E OCIO EN FERROLTERRA **OUTUBRO 2025** **#208**

Exemplar gratuito

TEATRO

**Lola
Herrera**

NO PAZO DA CULTURA

MÚSICA

**Alondra
Bentley**

EN NARÓN

The Ópera Locos

EN FERROL

Alberto Vázquez

O convulso tempo que vivimos inspira a nova película de Alberto Vázquez, “Decorado”. Unha sociedade que non invita á esperanza, un humor desolado e uns personaxes derrotados conforman parte desta longametraxe de animación do autor de “Unicorn Wars” que se estrea o día 24 e volve contar coa produción da ferrolá Chelo Loureiro.

TEXTO: Nicolás Vidal | **FOTO:** Andrea Rodríguez

Aí. Logo do éxito da túa película “Unicorn Wars” chega a partir do día 24 este “Decorado” que reflexa a realidade desoladora da nosa sociedade actual. Estamos ao borde do precipicio?

AV. O momento non é bo pero eu vexo a película como unha fábula “light”, como un conto sobre as cousas terribles que suceden neste mundo.

Aí. Ten un antecedente na curtametraxe “Decorado” de 2016, algo que soes facer, primeiro unha curta e logo a longametraxe.

AV. Si, non sempre de xeito planificado. O formato habitual da animación é a curta, pero pasa o tempo e lle das unha volta a posibilidades a desenvolver, personaxes, novas tramas e cousas que quedan por tocar. O tempo dáche esa nova visión do teu traballo. Encántame facer curtas pero o problema é que só se ven en festivais e as longas teñen máis vida: cinema, TV, etc.

Aí. Como “Unicorn Wars” e outros traballos anteriores, “Decorado” ten un estilo de seu moi recoñecible, así como os temas que tratas.

AV. Eu posiciónome como director de cine, esa é a miña visión do mundo. Quero contar as cousas como artista, como autor con esa mestura de humor e terror a partes iguais e contrastar a forma e o contido. Un estilo que remite aos inicios do cómic, á animación, ás fábulas, contos e incluso *anime*. Entrar nesta dinámica pero tratando cunha estética de hoxe problemas contemporáneos como os laborais, a saúde mental, o control dos poderosos, a parella e existenciais. E fágoo tirando dos animais porque lle dan un aspecto indefinido, no tempo e no lugar, axudan a que sexan universais e poden suceder en calquera país.

Aí. Levas catro Goyas e máis un cento de premios internacionais. Son tan importantes?

AV. Son a guinda dun traballo que disfrutas ti e o teu equipo. Pero o premio real é poder facer unha película e facela ben, o importante é a obra. E por suposto poder seguir traballando como artista no que a un lle apasiona a un e desde logo facer diñeiro, que é algo fundamental.

Aí. Fas de todo pero cal dirías que é a esencia do teu traballo?

AV. Eu son director de animación, iso implica ser creativo, técnico, coñecer a narrativa, saber idiomas e tamén ter que ser sociable, traballas cun cento de persoas. Pero tamén tes que ter unha grande resistencia emocional porque o tempo medio dunha longametraxe de animación son cinco ou seis anos, podes pasar etapas difíciles, de busca de financiamento...

Eu son un artista que dirixo. Antes de chegar á animación debuxaba, teño 20 libros, e toda esa bagaxe profesional envorqueina na animación.

Aí. Os protagonistas das túas historias son animais, como as de Walt Disney, pero aí acaban as semellanzas, non?

AV. Si, eu fago pelis clásicas, pintadas a man, con atención aos detalles e fluídas, cun uso narrativo da cor e unha narración simbólica... En fin, pero eu véxome unha rareza dentro da animación española e desde logo teño máis que ver con “Los Simpson” ou “Padre de familia” que con Disney.

Aí. Nas túas producións nunca



“QUERO CONTAR PROBLEMAS CONTEMPORÁNEOS COA ESTÉTICA DA ANIMACIÓN”

falta Chelo Loureiro. Que importante é para ti?

AV. Pois é importante ter a xente preto de ti que entenda o teu traballo. Vas facer unha peli que é difícil que teña éxito comercial e que non é para un público familiar ou infantil, así que un necesita ao lado a xente valente e arriscada como o caso de Chelo.

AÍ. Fóra do éxito, comercial ou premios que expectativas xera unha nova película?

AV. Quixera que a xente a vexa nos cines, cun bo son nun espazo de calidade que é moi importante para a animación.

Logo, que lle resulte entretida e que xa na casa lembre algunhas escenas que os impacten emocionalmente e os fagan pensar.

AÍ. Logo de tantos recoñecementos un pensa dar o salto a outros proxectos, ao cinema norteamericano por exemplo?

AV. Logo da estrea penso descansar unha temporada longa e reflexionar en que quero facer. Afortunadamente teño outras posibilidades ademais do cinema. Por exemplo dirixir dous eventos para outros, o festival de

animación Imaxinaria na Coruña e o Hemato Festi en Vigo. E teño na cabeza moitas cousas e cando me canso de algo como son inquieto vou a outra cousa, senón abúrrome.

AÍ. O Hemato Festi honra a figura dun amigo moi querido para moita xente e desaparecido antes de tempo, Miguel López “Hematocrítico”.

AV. Si, a desaparición de Miguel tocounos a todos e este festival trata de homenaxealo. A súa desaparición aos 47 anos fíxome pensar en como quero vivir a miña vida e nas cousas que son importantes.

03/04 venres/sábado

20.00 H

UN DEUS SALVAXE

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



**DOUS MATRIMONIOS ATÓPANSE PARA RESOLVER UN INCIDENTE
PROTAGONIZADO POLOS SEUS FILLOS PEQUENOS: UN DELES
PARTIULLE OS DENTES AO OUTRO NUNHA PELEXA NO PARQUE.
NADA QUE UNS PAIS CIVILIZADOS NON POIDAN RESOLVER.**

Talía Teatro pon en escena a peza da dramaturga francesa Yasmina Reza. Unha sátira da sociedade contemporánea que disecciona con moito sentido do humor as relacións de parella, a educación, a competitividade,... pero, sobre todo, o exceso de corrección política. O que comeza como un diálogo cordial desemboca nun caos, onde as máscaras caen e os instintos máis primarios saen á luz. Yasmina Reza é mestra en crear diálogos afiados e situacións incómodas que nos fan rir e reflexionar á vez.

04 venres


20.30 H

GILIPOJAZZ

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

10 €



**TRÍO DE JAZZ-PUNK (E METAL
E FUNK E MÁIS INFLUENCIAS)
CUNHA PROPOSTA ESCÉNICA
CARGADA DE HUMOR.**

Este trío madrileño de grandes músicos está a dar moito de que falar polos seus frenéticos e divertidos directos e por levar unha aposta tan diferente no panorama musical actual. Á combinación de estilos como o Funk ou o Rock Progresivo e pinceladas de música clásica engádenlle o humor que desprenden nos seus directos.

Xoves 16 de outubro de 2025, ás 19.30 h

CONTANDO CIENCIA

Casa da Cultura de Fene

**Xan Rodríguez Silvar, delegado da Sociedade Galega
de Historia Natural (SGHN) Ferrol**

"O MUSEO DE HISTORIA NATURAL: UN MUSEO CIDADÁN"

Entrada libre até completar o aforo

ORGANIZA:
BIBLIOTECA DO IES DE FENE





COLABORA:
CONCELLERÍA DE ENSINO DE FENE

10 venres **20.30 H**

DEIXA QUE CHE CONTE

Música

AUDITORIO DE FERROL

16 €



A REAL FILHARMONÍA E ALUMNADO DA ESCOLA DE ALTOS ESTUDIOS MÚSICAIS INTERPRETAN A CHAIKOVSKI.

A guitarrista e compositora hispano-portuguesa Inés Badalo presenta a primeira estrela dun firmamento sonoro co que dezaseis compositores homenaxean a Real Filharmonía de Galicia no seu 30º aniversario baixo o título Cometa. Baixo a dirección do suízo Baldur Brönnimann e coa interpretación da soprano belga Ilse Eerens, a Real Fiharmonía de Galicia inclúe no seu programa o ciclo de cancións *Let me tell you*, do danés Hans Abrahamsen e os *Sónos de inverno*, a primeira das sinfonías dun Piotr Ilich Chaikovski de tan só 26 anos.

11 sábado **20.00 H**

ME LLAMO SULEIMÁN

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



ADAPTACIÓN DA NOVELA HOMÓNIMA DE ANTONIO LOZANO, ESTA É UNHA OBRA CENTRADA NA EMIGRACIÓN CLANDESTINA ENTRE ÁFRICA E ESPAÑA, E MÁIS CONCRETAMENTE NA VIAXE QUE HAN DE REALIZAR QUEN EMPRENDE AVENTURA TAL.

Interpretada por Marta Viera e con música de Salif a peza parte da idea de que coñecer como é a viaxe do emigrante –tanto o que se realiza entre África negra e o norte de Marrocos, a través do Sahara, como o que transcorre entre as costas africanas e as Canarias– pódenos axudar a comprender mellor a decisión que han de tomar miles de persoas e expornos cales son as razóns para tomala, sabendo que –como por desgraza ocorre con moitísima frecuencia– as súas vidas corren perigo.

11 sábado **20.30 H**

DANCE JOIN

Danza

TEATRO JOFRE (FERROL)

5 €

DANCE JOIN É UN ESPECTÁCULO DE DANZA E CLOWN QUE EXPLORA CON IRONÍA E DIVERSIÓN OS RITMOS IMPOSIBLES DA VIDA CONTEMPORÁNEA.

Catro personaxes en escena –unha artista DJ, a súa produtora, a técnica e a community manager da compañía– loitan por manterse á altura das expectativas: multitarea, hiperproductividade, éxito, autoimaxe... Un xogo escénico que transita entre o esgotamento e a celebración, entre o caos e o pracer do movemento compartido. A peza propón un formato interactivo no que o público é convidado a participar e a transformar o espazo escénico.

16 xoves

18.00 H

CANTAREIRAS

Contaconto

BIBLIOTECA MUNICIPAL (FENE) DE BALDE



A COMPAÑÍA POLO CORREO DO VENTO PROPÓN ESTE “CONTAENTO ILUSTRADO” SOBRE A TRADICIÓN ORAL.

Sete cantareiras son as homenaxeadas deste ano no Día das Letras Galegas e, con elas e por extensión, á poesía popular galega que elas interpretaban. Un acto de recoñecemento ao papel das mulleres na creación e na transmisión literaria, así como ao valor da lírica oral, que e anónima e pertence á comunidade. E que se aprende, ademais, cantando e bailando, ou sexa, divertíndose.

17 venres

20.30 H

A BELA DORMENTE

Ballet

AUDITORIO DE FERROL

38,25 €



O BALLET DE KIEV, FUNDADO E DIRIXIDO POR VIKTOR ISHCHUCK, OFRECE UNHA VERSIÓN VIBRANTE DA BELA DORMENTE, BASEADA NA MÚSICA DE CHAIKOVSKI E A COREOGRAFÍA DE MARIUS PETIPA.

A xira galega do Ballet de Kiev trae unha novidade a Ferrol, pois mentres nas restantes cidades interpretarán “O lago dos cisnes”, aquí poñen en escena “A bela dormente”, un conto de fadas en tres actos. Desde 2017, o Ballet de Kiev realizou máis de 500 actuacións nos teatros máis importantes a nivel mundial, en xiras que lles levou a percorrer Suíza, Alemaña, Francia, Polonia, Croacia, China, Ucraína e México, entre outros países.



Padroado da Cultura
Concello de Narón



Deputación
DA CORUÑA



ALONDRA BENTLEY
24 de outubro de 2025 | 20:30 horas
Café Teatro do Pazo da Cultura (Narón)

PROGRAMACIÓN **20 25** OUTUBRO



3
OUT

David Cepo

No cruces los brazos

Auditorio | 20.30h | Desde 24,20€
Ciclo Humor



4
OUT

Gilipojazz

Progresá adecuadamente

Jofre | 20.30h | Desde 8€
Rock(&)Ferrol



9
OUT

Ton Risco e Marcos Teira

Torrente | 20.30h | 3€

Xoves da Capela



10
OUT

Real Filharmonía de Galicia

Sociedad Filarmónica Ferrolana

Auditorio | 20.30h | 16€ (socios 5€)
Clásica




11
OUT

Marta Alonso Tejada

Dance Join

Jofre | 20.30h | 5€
Ferrol en Danza




17
OUT

La Bella Durmiente

Ballet de Kiev

Auditorio | 20.30h | Desde 38,25€
Ferrol en Danza




18/19
OUT

4ª Edición Galicia Ilusiona

Pedro Bugarín e Dani Polo

Jofre | Desde 17,50€
18 OUT- 18.00 e 20.30h
19 OUT- 12.30, 18.00 e 20.30h
Familiar



23
OUT

Gli Incogniti

Sociedad Filarmónica Ferrolana

Jofre | 20.30h | 16€ (socios 5€)
Clásica



24
OUT

Ángel Martín

Somos monos

Auditorio | 20.30h | Desde 26,40€
Ciclo Humor



25
OUT

The Ópera Locos

Producciones Yllana

Jofre | 20.30h | Desde 8€
Familiar




30
OUT

La Traviata de Verdi

Compañía Lírica Ópera 2001

Jofre | 20.30h | Desde 25€
Ópera



31
OUT

Cicatriz

Kirenía Danza

Jofre | 20.30h | 5€
Ferrol en Danza

Entradas e información
actualizada en:
www.ferrolcultura.gal



XLI mostra de teatro infantil e xjuvenil de narón

C.P.I. O Feal.
C.E.I.P.A Gándara.
C.E.I.P.A Solaina.
C.E.I.P. Ponte de Xuvia.
C.E.I.P. Piñeiros.
C.R.A. Narón.
C.PR. Ayala.
C.PR. Santiago Apóstol.
C.PR. Jorge Juan.
E.I.M. Municipal A Solaina,
E.I.M. Municipal Piñeiros
E.I.M. Municipal A Gándara.
I.E.S. Telleiras.
I.E.S. Terra de Trasancos.
Colexio Plurilingüe Virxe do Mar.

outubro
novembro
decembro
2025



Me llamo
Suelimán
9, 10 e 11
de outubro
Pazo da Cultura



Crisálida
15 e 16
de outubro
Pazo da Cultura



A la gloria con
Gloria Fuertes
21 e 22
de outubro
Pazo da Cultura



Travesía Unicornio
25, 26 e 27
de novembro
Auditorio Municipal



Voo
1, 2 e 3
de decembro
Escolas Infantis
Municipais



NARÓN

Padroado da Cultura



Concello de Narón



Deputación
DA CORUÑA



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



CASCELAO
15 anos

16 sáb/dom

VARIOS
PASES

GALICIA ILUSIONA

Maxia

TEATRO JOFRE (FERROL)

21 €



CUARTA EDICIÓN DO FESTIVAL MUNDIAL DE ILUSIONISMO QUE XUNTA OS MELLORES ILUSIONISTAS DO PLANETA.

O Mago Murphy vai presentar esta gala, da que se organizan cinco pases, e contará cos multipremiados números de malabares e maxia de David Burlet (Francia), música e destreza manual de Nacho Samena (Galicia), a presentación en Galicia por vez primeira de Seimei (Corea) e a increíble posta en escena e os grandes aparellos da Compañía Mag Edgard (Barcelona), unha das máis reclamadas no mundo.

17/18 venres/sábado

20.30 / 20.00 H

EL CAMINO A LA MECA

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

18 €



LOLA HERRERA, NATALIA DICENTA E CARLOS OLALLA FORMAN O ELENCO DESTA REPRESENTACIÓN, A HISTORIA DUNHA MULLRE QUE CREOU UN XARDÍN EXTRAORDINARIO, CHEO DE ESCULTURA E OBXECTOS DE VIDRO, QUE SE COÑECE POLO NOME DA OBRA.

O camiño á Meca, de Athol Fugard, inspírase nunha muller real, Helen Martins, que se rebelou contra todos os estamentos da súa época. Un ser que persegue o desexo, a luz da inspiración que non corresponde a ningunha idade nin a ningunha xeración. Alguén que prefere as preguntas ás certezas, que valora a súa liberdade e a súa autonomía enfrontando ao seu tempo e ao mundo que a rodea.

27 DE DECEMBRO DE 2025 | 20:30 HORAS | TEATRO JOFRE (FERROL)



PATÁX

UN DOS MELLORES PROXECTOS
DE FUSIÓN DO MUNDO.
**UN ESPECTÁCULO
DE INFARTO!**

embra
productions

FERROL

23 xoves **20.30 H**

ENTRE O CEO E A TERRA

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

16 €

**OS VIOLINISTAS BARROCOS
AMANDINE BEYER E VADYM
MAKARENKO PASEAN POR SEIS
SÉCULOS DE MÚSICA.**

O título do concerto é unha metáfora que fai alusión a dous espazos: un físico, habitado polos paxaros e a súa capacidade de conectar, e outro espiritual onde a música xoga un papel moi especial. Ofrecerán un percorrido en zigzag a través de seis séculos de música, que representa o achegamento destes músicos ao mundo do sacro desde o fenómeno musical: de Jean-Philippe Rameau a Vivaldi. Rematarán o concerto coa peza 'Benedicamus Domine' do final do Codex Faenza, un manuscrito musical do século XV.

24 venres **20.30 H**

ALONDRA BENTLEY

Música

CAFÉ TEATRO DO PAZO DA CULTURA (NARÓN)

12 €



**ALONDRA BENTLEY PRESENTA "LA MATERIA" O SEU SEXTO
ALBUM –O PRIMEIRO EN ESPAÑOL– DESPOIS DE CINCO ANOS
SEN PUBLICAR DISCO. PROBABLEMENTE, ESTE É UN DOS SEUS
MELLORES TRABALLOS DA ARTISTA DE LANCASTER.**

Boa parte da idea sobre a que se compuxo "La materia" xira arredor da existencia. A morte da súa nai e o nacemento da súa filla levaron á artista a reflexionar sobre a vida e a morte. Alondra –que presentará o disco en Narón en formato trío– explora neste concerto novos territorios sonoros e avanza na súa carreira.

Tú tienda de música en **FERROL**



C/ Magdalena, 31 Bajo
15402 **FERROL** - A Coruña
Tels.: **981 074 644 - 698 179 453**
e-mail: info@clefmusic.es

www.clefmusic.es

25 sábado

20.30 H

THE ÓPERA LOCOS

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)



THE ÓPERA LOCOS É UN ESPECTÁCULO CÓMICO OPERÍSTICO DE GRANDES ÉXITOS QUE SE FUSIONAN CON OUTROS ESTILOS MUSICAIS, ADEREZADO CO HUMOR DA COMPAÑÍA YLLANA.

Unha peculiar troupe de ópera, composta por cinco excéntricos cantantes, dispónse a realizar un recital cun repertorio dos máis grandes compositores do xénero. Ao longo da representación iranse desvelando as paixóns ocultas de cada un deles, que traerán consecuencias disparatadas. Cunha singular posta en escena e o sentido da comedia de Yllana, esta é unha experiencia nova e diferente á hora de experimentar a ópera e, sobre todo, achegala a todos os públicos dunha maneira fresca, inusual e divertida.

30 xoves


18.00 H

LA TRAVIATA

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

32 €



ÓPERA 2001 PON EN ESCENA ESTA POPULAR OBRA DE VERDI BAIXO A DIRECCIÓN MUSICAL DE MARTIN MÁZIK.

Violeta é unha das heroínas máis icónicas da ópera. Con todo, a estrea de La Traviata escandalizou pola súa crítica á burguesía e os seus vicios, resultando nun fracaso inicial. Esta obra, baseada nun texto da época, anticipa os dramas da escola realista. A partitura mostra a Verdi na súa máxima expresión: cunha música dramaticamente efectiva e innovadora en harmonía, melodía e ritmo.



TRAVELLIN' BROTHERS

7 DE NOVEMBRO DE 2025 | 20:30 HORAS

TEATRO JOFRE (FERROL)

embora
productions

FERROL

ESTREA DESTACADA | 24 DE OUTUBRO



LOS DOMINGOS

Alauda Ruíz de Azúa

De onde xorde a historia de *Los domingos*?

Cando eu era moito máis nova e desde certa distancia asistín a unha historia semellante. Unha moza de 18 anos que tomaba esta decisión de ingresar nunha orde relixiosa e do cisma, o enfrontamento, o shock na familia. Chamoume moito a atención que alguén nese momento vital, onde en teoría empezas a ser un pouco adulto e tócache ir á universidade, viaxar, saír dalgunha determinada maneira, tomase unha decisión así. E esa curiosidade quedou comigo.

Despoí de facer o filme, atopaches respostas?

Atopei máis preguntas. Un entra nun tema así coas súas propias ideas preconcebidas, é inevitable. Un dos primeiros xiros aos que me enfrontei cando empecei a escoitar testemuños e falar con persoas que viviran procesos de vocacións relixiosas era canto se falaba do amor. Un podía pensar que ían falar de algo máis relixioso, de axudar, de misericordia... no

entanto estaba moi exposto en termos dunha historia de amor. De sentir un amor perfecto, increíble, que non sentiran nunca e como isto era unha forza que as arroiaba. Pareceme moi bonito que ese relato delas tivese tanto que ver co amor. E iso levoume a explorar os dous amores que leva o filme. Está ese amor espiritual, que o conta Ainara desde o seu punto de vista e que para moitos é algo sobrenatural porque é moi difícil entendela. Pero logo está o amor máis terreal, o da familia, da parella, dunha tía a unha sobriña, que é sempre máis imperfecto, que xoga noutra liga, máis humana e máis chea de defectos, pero que con todo, é o amor máis universal, porque é o que todos podemos entender como algo máis real.

Outra contraposición que está presente é a da familia biolóxica versus a familia escollida.

Vivimos nunha cultura onde tendemos a tentar manter a familia tradicional, a que nos tocou por herdanza, por bioloxía. Facemos moitísimos esforzos, mesmo cando non funciona ou como cando hai sensibilidades moi distintas, moitas cousas que non se din e que se arrastran desde

un determinado tempo e que nun momento poden explotar. Paréceme moi interesante todos eses esforzos por unha paz familiar que non sempre é real, porque por baixo están a pasar moitísimas cousas. O personaxe de Ainara escolle entre dúas familias, a que lle foi dada, e a que se lle cruza e lle abre a porta, que é a da comunidade relixiosa, que é unha familia distinta. Que che acolle e entras a formar parte de algo, pero tamén ten as súas propias regras e renuncias.

Como foi o proceso de documentación e de achegarse ás comunidades relixiosas e de clausura?

Como fan os magos, que non desvelan os truco, non quero contalo todo. Falei con moita xente, estiven en moitos sitios e tentei ser moi rigorosa e documentarme coma se estivese a facer un estudo antropolóxico. Non no sentido de ir coa mirada posta no que eu quería ver, senón o que se me contaba, o que as persoas me dicían que sentían e o que eu vía que se facía ou non nos sitios.

Marta Gil para academiadecine.com (extracto)

03 OUTUBRO

SMASHING MACHINE Ben Safdie

2025 | EUA | 123' | INGLÉS | +16



A historia real do loitador Mark Kerr (Dwayne Johnson), figura clave na orixe da UFC, que retrata o seu meteórico ascenso e caída no brutal mundo das artes marciais mixtas.

Venecia 2025 (Mellor dirección)
“Espectacular e emotivo”
Fotogramas

EXTRAÑO RÍO Jaume Claret Muxart

2025 | ESPAÑA | 103' | CATALÁN




Dídac, de dezaseis anos, viaxa en bicicleta polo Danubio coa súa familia. Todo muda cando un misterioso rapaz aparece entre as augas do río.

Venecia 2025 (Orizzonti)
“Tan bela como turbadora e plena. Un brillante debut” El Mundo

10 OUTUBRO

JUGAR CON FUEGO Delphine Coulin, Muriel Coulin

2024 | FRANCIA | 100' | FRANCÉS | +16



Pierre cría só aos seus dous fillos. Cando o máis novo marcha estudar á Sorbona, o maior comeza a relacionarse con grupos de extrema dereita.

Venecia 2025 (Mellor actor)

“Drama intensamente interpretado”

KARMELE Asier Altuna

2025 | ESPAÑA | 100' | ESPAÑOL | +12



Kar mele é unha enfermeira vasca exiliada en Francia a finais dos anos trinta. Alí coñece a Txomin, un virtuoso trompetista. A súa complicidade é absoluta ata que chega o momento de elixir entre a familia ou as ideas.

San Sebastián 2025 (Preestrea)

17 OUTUBRO

UN SIMPLE ACCIDENTE Jafar Panahi

2025 | IRÁN | 105' | PERSA | +12



O que semella un pequeno accidente de coche convértese axiña no detonante dunha cadea de eventos inesperados e cada vez máis graves.

Cannes 2025 (Palma de Ouro)

“Demoledora fábula moral, rotunda e poderosa” El País

LA DEUDA Daniel Guzmán

2025 | ESPAÑA | 115' | ESPAÑOL | +12

Lucas e Antonia conviven nun piso céntrico da cidade, ata que un fondo de investimento adquire o edificio para convertelo



en pisos turísticos. Lucas tenta conseguir o diñeiro necesario para evitar a perda da casa, pero unha decisión errónea cambiará o resto das súas vidas.

Málaga 2025 (Candidata a Mellor Filme)
‘Impredicible e profunda’ El Mundo

24 OUTUBRO

LOS DOMINGOS Alauda Ruiz de Azúa

2025 | ESPAÑA | 115' | ESPAÑOL



Ainara, de 17 anos, debe decidir que carreira vai estudar. No entanto, a moza manifesta que está pensando abrazar a vida de monxa de clausura, sorprendendo á familia.

San Sebastián 2025 (Sección Oficial)

SAN SIMÓN Miguel A. Delgado

2025 | ESPAÑA | 105' | GALEGO | +12



Outubro, 1936. O franquismo abre campos de concentración por todo o territorio.

O filme recupera a memoria dos encarcerados na illa galega, nun filme que combina os actores profesionais coa participación de fillos e netos reais dos presos de San Simón.

San Sebastián 2025 (Made In Spain)

31 OUTUBRO

THE MASTERMIND

Kelly Reichardt

2025 | EUA | 110' | INGLÉS



O carpinteiro JB Mooney (Josh O'Connor), organiza un audaz atraco nun museo a plena luz do día. Pero conservar as obras resultará máis difícil que roubalas e Mooney verase obrigado a vivir como un fuxitivo.

Cannes 2025 (Candidata a Mellor Filme)

'Irresistible filme de atracos perfectos' El Mundo

RECIÉN NACIDAS

Jean-Pierre Dardenne, Luc Dardenne

2025 | FRANCIA | 104' | FRANCÉS



Nun refuxio, cinco nais adolescentes que se criaron en circunstancias difíciles, loitan por construír unha vida mellor para elas e os seus fillos.

Cannes 2025 (Mellor Guión)

'Profundamente conmovedora pero nunca manipuladora, é a mellor película dos irmáns en máis dunha década' Cadena Ser

TEMPADA DE ÓPERA E BALLET

MÉR 1 ÁS 19:45:

TOSCA

Oliver Mears

MÚSICA: GIACOMO PUCCINI | 2025 | REINO UNIDO | 210' | ITALIANO



Nunha Roma en guerra, Floria Tosca e Mario Cavaradossi viven polo seu amor e a súa arte. Cando el axuda a un fuxido, enfróntanse ao temido Scarpia, xefe de policía. Tosca debe aceptar un pacto atroz: entregarse ao home que odia para salvar ao que ama.

Rexistrado en setembro 2025 desde a Royal Opera House de Londres.

XOV 23

LA FORZA DEL DESTINO

David Pountney

MÚSICA: GIUSEPPE VERDI | 2025 | AUSTRIA | 161' | ITALIANO



Narra os desgraciados amores de Leonora, filla do marqués de Calatrava, e Don Álvaro. Baseada na obra 'Don Álvaro o la fuerza del sino', do duque de Rivas, é unha das máis singulares óperas de Verdi.

Ópera Estatal de Viena.

off DUPLEX

O MELLOR CINEMA ALTERNATIVO

MAR 7 ÁS 20:00

SIMÓN DE LA MONTAÑA

Federico Luis

2024 | ESPAÑA | 98' | ESPAÑOL | +12



Simón ten 21 anos e vive en Arxentina. Desde hai pouco, frequenta un novo grupo de amigos inesperado. Con eles, por primeira vez, sente que pode ser el mesmo. Pero a súa contorna está preocupado e xa non o reconece. E se Simón quixese converterse noutra persoa?

Cannes 2025 (Gran Premio Semana da Crítica)

'Cinema que provoca e sacode' El Periódico

XOV 21 ÁS 20:00

ANSELM

Wim Wenders

2023 | ALEMAÑA | 93' | INGLÉS | +7



Esta experiencia cinematográfica única mergúllase na icónica obra do artista alemán Anselm Kiefer revelando a súa traxectoria vital, a súa inspiración e o seu proceso creativo.

Premios Cinema Alemán 2023 (Candidata a Mellor Documental)

'Wenders recuperou o estado de grazas' La Vanguardia

Petís DUPLEX

CINEMA PARA TODA A FAMILIA, CADA DOMINGO ÁS 12:00

Desde o 7 de outubro até o 30 de novembro.

Entrada gratuíta coa colaboración do Concello de Ferrol.

DOM 5 E 19 ÁS 12:00

MI VIDA A LO GRANDE

Kristina Dufková

1921 | EUA | 68' | TP



Ben é un rapaz de 12 anos cun gran sentido do humor e un talento especial para a cociña e a música. Ao pouco de comezar

secundaria namora de Klara, unha compañeira da súa mesma clase. Porén, Max e outros cativos do instituto burlanse del polo seu físico. Ben descubrirá que o importante non é como cada un se ve senón como se sente.

DOM 12 E 26 ÁS 12:00

HEIDI. EL RESCATE DEL LINCE

Toby Schwarz, Aizea Roca Berridi

2025 | ESPAÑA | 80' | VE | TP

No máis alto dos Alpes suízos, Heidi vive feliz canda ao seu avó, gozando da natureza e a



liberdade da montaña. Cando recibe un convite para pasar o verán na costa, a emoción da aventura ilusiónaa, pero todo muda ao atopar un lince ferido.

Foco BILLY WILDER

TREN DE SOMBRAS

Catro sesións entre o 29 de outubro e o 29 de decembro.

Entrada gratuíta coa colaboración do Concello de Ferrol.



LUN 27 ÁS 19:45

EL CREPÚSCULO DE LOS DIOS

Billy Wilder

1950 | EUA | 110' | INGLÉS | TP

Joe Gillis é un novo escritor de segunda fila que, acosado polos seus acredores, acaba por refuxiarse na mansión de Norma Desmond, unha antiga estrela do cinema mudo. Norma vive fóra da realidade, acompañada unicamente do seu fiel criado Max. A actriz pretende que Joe corrixa un guión que ela escribiu e que vai significar o seu regreso ao cinema.

Oscars 1951 (Mellor Guión, Mellor Banda Sonora, Mellor Dirección Artística)

“Perfecta (...) un pracer melancólico ao que volves unha e outra vez” Telegraph

DUPLEX Cinema

Máis información en duplexcinema.com

Travesía Moreno 3, Ferrol



info@duplexcinema.com | 981 35 60 65

Facemos parte de:



De LUNS a DOMINGO De 17:00 a 22:00
Sesións matinais sábados e domingos

Proxeccións en VOSE, agás que se sinale o contrario.



DIVULGACIÓN

UNHA CIDADE EN MARTE

VV. AA. | EDICIÓN EMBORA | 60 PÁX. | **19,90 €**

**FORNECER DUNHA CULTURA CIENTÍFICA
ÁS NOSAS CRIANZAS NESTES TEMPOS
TERRAPLANISTAS DEBERÍA SER UN OBTIVO
PÚBLICO DE HIXIENE MENTAL.**

Traballos como o presente, “Unha cidade en Marte”, marcan unha vía que debería ser seguida por outras no terreo da divulgación. Na liña de “Historias fascinantes da ciencia en Galicia”, a editorial ferrolá edita agora esta guía dunha cidade en Marte elaborada polo deseñador gráfico Eduard Altarriba e os físicos Guillem Anglada-Escudé, Miquel Sureda Anfres e Sheddad Kaid-Salah Ferrón. O volume, para ser devorado desde os 12 anos en adiante, resolve con precisión numerosas preguntas acerca da relación da Terra e Marte e como este planeta podería ser o mellor lugar do noso sistema solar para fuxir se as cousas seguen por onde van de mal hoxe. Así, canda numerosos datos e curiosidades, o libro amosa como debería ser unha cidade humana en Marte para salvar todas as complicacións de habitabilidade do planeta (osíxeno, temperatura, exposición solar, etc.) para poder acoller a seres humanos e como podería ser a vida alí, desde sistema político, vida comunitaria, alimentación, etc. Un libro fascinante sobre o noso planeta irmán, moi entretido e documentado e cunhas ilustracións que xa de por si soas son unha festa para a vista.

NOVELA

AS BOCAS COSIDAS

MARILAR ALEIXANDRE | EDITORIAL GALAXIA | 340 PÁX. | **23,40 €**

Como no caso da inesquecible “A noite branca” de Fernández Naval, neste “As bocas cosidas” un tema potentísimo dentro do ámbito familiar cae nas mans dunha escritora de primeiro nivel como é o caso de Marilar Aleixandre, Premio Nacional de Narrativa. Tamén aquí as feridas da guerra e a posguerra serven como pano de fondo para unha historia que parte da identificación do pai da autora dos restos dun curmán comunista soterrado nunha fosa común. A partir de aí, Aleixandre narra con pulso engaiolante unha historia de esquecemento, medo e dignidade.

NOVELA BREVE

TRES MULLERES


STEFAN ZWEIG | EDITORIAL GALAXIA | 190 PÁX. | **15,15 €**

Tradución ao galego de María Alonso Seisdedos de tres novelas breves ou relatos longos de Stefan Zweig. Do elegante escritor austríaco a editorial Galaxia escolleu tres obras mestras centradas en protagonistas femininas, e levadas ao cinema. Son “Medo”, sobre unha muller que engana ao seu marido e os sentimentos e remorsos que iso lle produce; “Vinte e catro horas na vida dunha muller”, sobre unha dona que confesa unha paixón que ocultou, e “Carta dunha descoñecida”, sobre unha paixón reprimida, “leitmotiv” ao cabo destas tres historias perfectas.

DELICIAS SONORAS

**LONTRAS CARAS NO LUME**


Sempre resulta emocionante falar dun grupo que debuta e o fai cun espléndido disco con sons ben recoñecibles pero mesturados dun xeito anovador. Velaí este “Caras no lume”, primeiro traballo longo do trío vigués Lontras liderado polo talento incontestable de Juan Arca e secundado por Zalo Rodríguez e Sunil López. Psicodelia lánquida, folk independente, pop electrónico... de todo hai neste disco que reivindica a Pink Floyd, Caetano Veloso, ou Radiohead tanto como a Brian Wilson ou Joanna Newson. Nove pezas dunha elegancia abraiante compostas por Juan Arca que remiten a un lugar novo na música galega inzada de referencias como as antes citadas pero con vocación de percura dun novo son que abofé logran. Abren coa atmosférica “Presaxios” que marca o ton, “Peixe no millo”, a emocionante “Cinco fiestras”, musicada ao redor dun poema de “Mar ao norde” de Álvaro Cunqueiro, a minimalista “Dúas lontras”, a complexa “Neve e luz” ou “A terrible historia de Afonso Amoedo” ata rematar coa fascinante “Contos de vellas”. Un dos discos galegos de referencia deste ano.

**ZÉ IBARRA AFIM**

Un dos novos grandes talentos da música do Brasil é o cantante e multiinstrumentista Zé Ibarra. O artista vén de publicar “AFIM” o seu segundo traballo en solitario alén das colaboracións coas bandas Bala Desejo e Adónica ou interactuacións con mestres como Ney Matogrosso, a quen tanto debe, ou Milton Nascimento. “AFIM” está composto por oito temas, creacións propias e versións de contemporáneos e amigos como Sophia Chablau, Tom Veloso e Dora Morelenbaum. Combina elementos da música popular brasileira (MPB), jazz, pop e rock progresivo nun estilo propio que ás veces recorda a elegancia dun Djavan. O álbum representa a intersección entre diferentes facetas do artista, desde a de cantautor de guitarra minimalista e íntimo ata o arranjista denso con amplas seccións de cordas. Con elas Ibarra reinterpreta a tradición do seu enorme país, en tamaño e artisticamente, con pezas como “Infinito en nós” que abre o álbum, “Transe”, que foi o primeiro sinxelo, a suave sofisticación de “Morena” con ese acento de jazz elegante, etc. Hai futuro na música do Brasil e pasa por xente como Zé Ibarra.

**THE POGUES RUM, SODOMY & THE LASH**
(EDICIÓN 40º ANIVERSARIO)

Da tradición do folk irlandés e do punk naceu a mediados dos anos 80 en Londres unha das grandes bandas da historia: The Pogues. Debutaron en 1984 con excitante “Red roses for me” e despregaron o seu talento eterno ao ano seguinte con este “Rum, Sodomy & the Lash”, producido por Elvis Costello, que agora reedítase no seu 40º aniversario. Un dos mellores discos de todos os tempos e, con permiso de “If I Should Fall from Grace with God”, o mellor da banda de Shane McGowan. Dobre CD e dobre vinilo vermello cun total de 25 pezas, completan as 12 pezas orixinais o EP “Poguetry In Motion”, inclúe temas na BBC, ao vivo así como caras B dos sinxelos orixinais. O disco extra complétase con versións en directo de “A Pair of Brown Eyes” e “Sally MacLennane” e a versión da banda The Lovin’ Spoonful “Do You Believe In Magic”, todas elas, aviso aos fans, xa publicadas. Este disco supón escoitar en todo o seu esplendor “A pair of brown eyes”, “Dirty old town”, “And the band played Waltzing Matilda” e outras pezas que seguirán escoitándose dentro de cen, de mil anos.



Compartimos a vida

GADIS

OUTUBRO

02xoves

INFANTIL

18.00 h Biblioteca municipal.
Fene.

A GALIÑA XOSEFINA

03venres

MONÓLOGO

20.30 h Auditorio. Ferrol.

**DAVID CEPO: NO CRUCES
LOS BRAZOS**

TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

UN DEUS SALVAXE

04sábado

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.



UN DEUS SALVAXE

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

GILIPOJAZZ

05domingo

CINE INFANTIL

12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

MI VIDA A LO GRANDE

09xoves

MÚSICA

20.30 h C. C. Torrente Ballester.
Ferrol.

**TON RISCO E MARCOS
TEIRA**

10venres

MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

**REAL FILHARMONÍA DE
GALICIA**

11sábado

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

ME LLAMO SULEIMÁN



DANZA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

DANCE JOIN

12domingo

CINE INFANTIL

12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

**HEIDI. EL RESCATE DEL
LINCE**

16xoves

INFANTIL

18.00 h Biblioteca municipal.
Fene.

CANTAREIRA

CONTANDO CIENCIA

19.00 h Casa da Cultura. Fene..

**O MHNF: UN MUSEO
CIDADÁN, POR XAN
RODRÍGUEZ SILVAR**

17venres

DANZA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

**BALLET DE KIEV: LA
BELLA DURMIENTE**



TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

EL CAMINO A LA MECA

18sábado

MAXIA

18.00 h Teatro Jofre. Ferrol.

GALICIA ILUSIONA

TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

EL CAMINO A LA MECA

19domingo

CINE INFANTIL

12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

MI VIDA A LO GRANDE

23xoves

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

GLI INCOGNITI

24venres

MONÓLOGO

20.30 h Auditorio. Ferrol.

ÁNGEL MARTÍN

MÚSICA

20.30 h Café Teatro. Narón.

ALONDRA BENTLEY

25sábado

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

APAGA O CANDIL

FAMILIAR

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

THE ÓPERA LOCOS



26domingo

MÚSICA

17.30 h Pazo da Cultura. Narón.

**XVIII ENCONTRO DE
BANDAS DE MÚSICA**

30xoves

ÓPERA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

LA TRAVIATA

31venres

DANZA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

CICATRIZ



**Nº 208
ANO XVIII**

EDITA:

ee | edicions **embora**
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63-1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

f @Aí

DIRECTOR:

Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

REDACIÓN E COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás
Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilitana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.



A Coruña y As Mariñas



Ferrolterra




Costa da Morte



Terras de Santiago



Ría de Muros e Noia



Ría de Arousa Norte

Provincia da Coruña

... seguramente, a mellor opción

